

Programación *Pastoral* Curso 2012-2013



"Sé en quien
he puesto mi
confianza"
(2 Tim 1,12)



DIOCESE DE LUGO

Liñas de acción

Equipo pastoral

2012-2013

PRESENTACIÓN

1. Ao comezar o novo curso pastoral neste ano da Fe e da nova evanxelización para a transmisión da fe, convocado por S. S. Benedito XVI, toda a Igrexa podería adquirir unha “exacta conciencia da súa fe, para reanimala, para purificarla, para confirmala e para confesala” (Porta Fidei, n. 4). É o amor de Cristo o que enche os nosos corazóns e impúlsanos a evanxelizar. Hoxe como onte, El envíanos polos camiños do mundo para proclamar o seu Evanxeo a todos os pobos da terra.

2. Así pois, resaltaremos a importancia do Ano da Fe, que nos ten que levar a reanimar a nosa relación persoal e comunitaria co noso Señor Xesucristo. Tennos que levar a unha reflexión sobre a nosa tarefa evanxelizadora nas circunstancias actuais da nosa Diocese, para facer posible unha mellor transmisión da fe e un fortalecemento as nosas comunidades cristiás. Fronte a un ambiente de secularismo e desnaturalización da nosa fe cristiá.

3. Hoxe tamén é importante redescubrir a alegría de crer e volver atopar entusiasmo de comunicar a fe. Como nos di o apóstolo san Pablo: “co corazón crese e cos beizos profésase” (Rom. 10, 10).

4. Este ano da Fe faga cada vez máis forte a relación con Cristo, o Señor, pois só nel temos a certeza para mirar ao futuro e a garantía dun amor auténtico e duradeiro. Que imitemos a María, a

Virxe oínte, que acolle con fe a Palabra de Deus e a proclama entre os seus fillos como Nai.

5. Que o noso labor pastoral siga animado pola esperanza mirando cara ao futuro do novo curso pastoral. Nos próximos cursos queremos seguir reflexionando e afrontando os novos retos pastorais. Seguiremos axudando ás familias a vivir o plan de Deus sobre elas e o cumprimento da súa misión no mundo. Resaltando a familia como espazo orixinario da transmisión da fe cristiá.

Impulsaremos unha acción evanxelizadora que axude a acoller e a reavivar unha fe cristiá facilitando o encontro persoal e comunitario co noso Señor Xesucristo.

Trataremos de consolidar e potenciar os centros comarcais nas distintas zonas pastorais para ir repensando en cada arciprestado como realizar unha evanxelización concreta coas súas características dentro das diversas unidades pastorais. Para ir creando comunidades cristiás verdadeiras máis aló da pequena parroquia que poidan celebrar a Eucaristía, os demais sacramentos e a súa formación na fe.

LIÑAS DE ACCIÓN

1. A convocatoria dun “Ano da fe”

En comunión coa Igrexa universal, a vida e a misión da nosa Diocese de Lugo estará caracterizada este curso pola convocatoria do noso Papa Benedito XVI dun *Ano da fe*, no 50º aniversario do inicio do Concilio Vaticano II e no 20º da publicación do *Catecismo da Igrexa Católica*, instrumento privilexiado para unha mellor recepción das ensinanzas conciliares.

O Ano da fe desexa avivar en nós a conciencia da nosa adhesión persoal ao Señor e do don do seu Amor, manifestado ata a cruz; e, polo tanto, tamén a alegría profunda por ser fieis cristiáns, a esperanza para afrontar todas as circunstancias da vida.

Renovaremos ao mesmo tempo a memoria agradecida pola nosa historia, polo recibido das nosas parroquias e comunidades, en que se nos transmitiu a fe, dos nosos santos, dos mestres de vida

que nos guiaron, das nosas casas e familias nas que aprendemos a ser persoas, amadas por si mesmas, á luz e coa graza do Evanxeo.

Celebrar o 50º aniversario do Concilio Vaticano II lévanos a pensar no camiño feito dende entón, nas nosas comunidades, nos nosos altares e templos, nas formas de vida sacerdotal e de acción pastoral. E axúdanos a comprender o significado inmenso da fidelidade, do testemuño da fe que perdura ao longo dos anos, da permanencia connosco do noso Señor Xesucristo, que é o mesmo onte, hoxe e sempre, e da permanencia da súa Igrexa en medio do mundo, unida sempre ao sucesor de Pedro e aos bispos, sucesores dos apóstolos.

A celebración do *Ano da fe* non nos afasta, pois, das nosas raíces, da nosa historia; ao contrario, busca espertar o noso corazón para que recoñezamos e creamos de novo no amor de Deus, revelado na persoa de Xesucristo. Para que recordemos como, grazas a El, brilla o amor de Deus tamén no rostro da nosa nai a santísima Virxe María, así como en tantos verdadeiros discípulos seus e irmáns nosos, nas parroquias en que nacemos e vivimos. E todo iso para que esta fe e esta caridade poidan determinar a nosa vida e facer de nós sal e luz no medio do mundo.

Quen pode dubidar que nós e a nosa sociedade necesitan do Evanxeo, de certezas boas e verdadeiras, de esperanza que non se afunda ante as dificultades máis grandes, de amor que permita a honradez no traballo, a capacidade de entrega e de sacrificio ante as necesidades dos demais?

Non podemos esperar, nin sería bo sequera desexar, que outros dean forma ás nosas vidas e constrúan as nosas familias e as nosas casas; ceder tal prerrogativa a quen for, aínda que detente quizais o poder sobre o diñeiro ou na vida pública, sería abandonar a propia responsabilidade ante a existencia, poñendo en xogo liberdade, dignidade e ata o propio destino.

De aí a urxencia da vixilancia e a enerxía do noso propio corazón, que se esperta á esperanza e ao amor coa fe, grazas ao encontro con Aquele que nos amou primeiro, que pode iluminar a vida e vencer a morte, e cuxa proximidade nos é testemuñada na historia de moitas maneiras na unidade fraterna dos seus discípulos.

A convocatoria para vivir un *Ano da fe* é, pois, providencial. É unha chamada do noso Señor a asumir o verdadeiro protagonismo nas

nosas vidas, e a volver para iso a mirada ao Evanxeo, que resoa na Igrexa, á graza de Deus e a comunión dos irmáns.

Así pois, este ano, a liña de acción fundamental será promover a nosa conciencia de ser crentes, o sentido das nosas parroquias, como comunidades vivas nas que somos cristiáns, e o coñecemento dos contidos da nosa fe, que necesitamos recordar todos, pequenos e grandes, xa que vivimos nun mundo que os descoñece case por completo. A estas tres finalidades servirán as diferentes iniciativas e encontros propostos polas vicarías e delegacións diocesanas ao longo deste ano, buscando sempre, ao final, axudarnos a vivir e a recoñecernos como cristiáns entre nós e ante o noso próximo.

2. Importancia primordial dunha comunidade eclesial viva

Neste contexto sitúase unha iniciativa, que foi preparándose ao longo do pasado curso, destinada a repensar as formas da nosa vida parroquial, sobre todo en ámbitos rurais; co fin de que poidan seguir sendo comunidades eclesiais vivas, agora e no próximo futuro, axeitadas ás posibilidades reais da poboación e da atención pastoral.

Dando pasos nesta dirección, responderemos a unha esixencia imprescindible para a revitalización da fe na nosa Diocese; pois non podemos ser plenamente cristiáns máis que unidos na fe e na comunión co Señor resucitado, realmente presente no santísimo sacramento da Eucaristía.

Facer posible que todos vivamos concretamente a realidade da comunión eclesial, celebrando unidos a fe e os sacramentos, movidos por unha mesma caridade, é presuposto e tarefa primordial na celebración dun *Ano da fe*.

3. A pastoral familiar como prioridade

O coidado das nosas familias, como lugar fundamental de expresión e posta en práctica da propia fe, e como ámbito primeiro da súa transmisión ás novas xeracións, será tamén este ano unha prioridade pastoral para a nosa Diocese.

As iniciativas propostas pola nosa Delegación diocesana intégranse ben no horizonte deste *Ano da fe* e poden ser unha axuda

real ás nosas parroquias. Algunhas forman xa parte da tarefa cotiá e piden só nova atención e frescura —como, por exemplo, as visitas ás familias ou os cursos prematrimoniais—, e outras son sinxelas e poden, non obstante, resultar moi fecundas —como as “xornadas da familia” nalgunhas parroquias.

Cabe destacar, en particular, a posta en marcha este curso na nosa Diocese dun Centro de Orientación Familiar (COF), de interese evidente, dada a amplitude da problemática familiar nas nosas comunidades. O seu éxito dependerá tamén da acollida e o apoio que lle presten as parroquias e os sacerdotes, responsables primeiros en cada lugar da tarefa pastoral.

4. A Xornada Mundial da Xuventude

Este ano celebrarase unha vez máis a *Xornada Mundial da Xuventude*, o próximo mes de xullo en Rio de Janeiro.

É de novo unha ocasión excelente para invitar aos nosos mozos a encontrarse cunha experiencia grande e rica de Igrexa nova, que os anime a iniciar ou continuar con maior certeza un camiño de fe.

Estas Xornadas resultaron para moitos un momento determinante nas súas vidas, tamén mesmo dende o punto de vista vocacional. A proposta deste ano ten sen dúbida a dificultade da distancia e, polo tanto, do custo. Pero afrontémola igualmente de corazón, con xenerosidade, axudados pola Delegación de Pastoral Xuvenil, pensando no ben dos nosos mozos, na súa vida e na das nosas parroquias e pobos.

Consideremos que un pequeno grupo pode ser igualmente semente de vida nova e cristiá, que necesitamos particularmente nas nosas terras. E confiemos na Providencia divina, que nos propón o xesto por medio do noso Papa Benedicto XVI. A proposta e o traballo da XMX pode perfectamente ser unha forma de revitalizar as nosas comunidades neste *Ano da fe*.

5. A presenza da Virxe María

Este ano encomendaremos de modo especial o conxunto da nosa vida eclesial e da nosa tarefa pastoral a Santa María, a Virxe dos Ollos Grandes. Ela é a nosa nai na fe, e nela recoñecemos unidos como unha familia, que cre e confía no seu Fillo.

Acollerémola especialmente este ano da fe nas nosas casas e comunidades, vendo nela o membro máis excelso da nosa Igrexa, a representante verdadeira da nosa parroquia e da nosa Diocese. Nela, a cuxo amparo se acolleron os nosos pais xeración tras xeración, faise visible e resoa o mais íntimo e verdadeiro da nosa tradición e tamén da nosa esperanza.

Que Ela nos consiga do seu Fillo unha fe alegre e esperanzada, capaz dun amor constante, no que florezan as nosas vidas e as nosas familias, as nosas parroquias e comunidades, de modo que poidan ser un testemuño de vida nova presente con sinxeleza e sen temor no medio da nosa sociedade.

+ Atynos, hispo de
duya